

A ÉPOCA DAS REXENCIAS (1833-1843)

Ao morrer Fernando VII, foi coroada a súa filla Isabel, que aínda era unha nena; por este motivo, a súa nai, María Cristina de Borbón, asumiu o trono como rexente.

Aínda que as mulleres non podían reinar, pois así o establecía a **lei sálica**, Fernando VII fixera anular expresamente tal prohibición. Os liberais aceptaron esta sucesión, pero os absolutistas proclamaron rei ao irmán de Fernando VII, Carlos María Isidro. Este feito provocou a **primeira guerra carlista** (1833-1840), unha guerra civil que enfrontou a isabelinos e carlistas.

Neste clima de enfrontamento político, a rexente María Cristina viuse obrigada a recortar algúns dos principios constitucionais. Pero, ante as presións, María Cristina nomeou un Goberno presidido por **Juan Álvarez Mendizábal**, que realizou algunhas reformas, como a **desamortización**.

En 1840, a oposición popular forzou a renuncia de María Cristina, e o popular xeneral Espartero asumiu a Rexencia.



Retrato de María Cristina.

A desamortización de Mendizábal



Retrato de Mendizábal.

A desamortización era un programa baseado na expropiación das terras da Igrexa co obxecto de iniciar unha reforma agraria.

Con todo, na súa aplicación real quedaron á marxe os modestos propietarios e pequenos campesiños, que non puideron entrar nas poxas, de modo que as terras foron compradas por nobres e burgueses adinerados, os grandes beneficiados do proceso desamortizador.

Aula aberta

A lei sálica impedía reinar ás mulleres. Por que razón cres que se promulgou esta lei? Cres que se podería aprobar actualmente? Por que?

Que pensas sobre a igualdade de sexos?



Podes afondar máis no período da rexencia de María Cristina, reproducindo o seguinte vídeo:
<http://links.edebe.com/más>



7. Mediante a técnica de traballo cooperativo **O número**, deduce as razóns polas cales cres que se produciu o proceso de desamortización e as súas consecuencias inmediatas.



8. A guerra civil de 1833 foi a primeira das denominadas **guerras carlistas**. Cantas houbo? Quen foron os contendentes? Que bando se fixo coa vitoria? Realiza unha investigación utilizando Internet ou consultando libros de historia.